

Na seguinte táboa relaciónanse codificadas as categorías definidas nos artigos 5, 6, 7 e 8 do Protocolo de utilización da Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI).

Cód	Categoría	Observacións
01	ESTUDANTE	De grao de 1º e 2º ciclo de estudos oficiais ou de Graduado Superior de centros propios, adscritos ou vinculados; Estudiantes de postgrao oficiais ou propios, de doutoramento (cando non sexa encadrable como “investigadores en formación”); de formación continua só na categoría de “experto”; estudantes do CAP, de Criminoloxía ou Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, da Escola de Práctica Xurídica; estudantes doutras universidades que cursen estudos na USC no marco de SICUE/ERASMUS e outros programas de intercambio oficiais ou establecidos por convenio pola USC sempre que a súa estadía sexa superior a seis meses; e estudantes de Cuarto Ciclo.
02	P. DOCENTE E INV.	Persoal de corpos docentes universitarios; persoal docente e investigador con contrato laboral; eméritos e persoal con contrato administrativo ao abeiro da LRU. Persoal de Programas “Ramón e Cajal” ou “Parga Pondal” ou similares.
03	PERSOAL ADM.E SER.	Persoal funcionario; persoal laboral con contrato de duración indefinida; persoal laboral con contrato de duración superior a seis meses; e persoal con contrato de obra ou servizo para proxectos de investigación por período superior a seis meses.
04	BOLSEIRO/A	Bolseiros de proxectos de investigación con bolsa de duración superior a seis meses.
06	INVESTIGADOR/A	Persoal investigador de proxectos de investigación con contrato de duración superior a seis meses; e investigadores en formación definidos polo art. 34 dos Estatutos da USC.
07	ANTIGO/A ALUMNO/A	Membros da Asociación de Antigos Alumnos da USC (AAA), que deberán ser de diferente cor á identificación do persoal e estudantes da USC ou ter un logotipo ben visible que a distinga da TUI
09	EGRESADOS DA USC	Egresados da USC coa finalidade de darlles acceso a determinadas funcionalidades e servizos.
10	CONSELLO SOCIAL	Membros do Consello Social non incluídos nos supostos anteriores.
20	USUARIO DA USC	Usuarios de servizos da USC que non forman parte da comunidade universitaria. A USC poderá expedir tarxetas identificativas no mesmo formato que a TUI diferenciadas desta pola súa cor ou outra característica externa, que indicarán de xeito visible “Usuario da USC”.

- | | | |
|----|-----------------------|---|
| 30 | PROFES. VISITANTES | Profesores visitantes da USC. |
| 34 | COLABORAD.
DOCENTE | Colaboradores docentes, sempre que así se recolla nun convenio (concerto SERGAS, convenios de prácticum, etc.). Se exclúe ós colaboradores de prácticas en empresas. |
| 35 | COLABORADOR/A USC | Colaboradores da USC. Tarxetas temporais expedidas pola USC mediante petición e concesión individualizada. O persoal das empresas concesionarias da USC poderá solicitar e obter unha tarxeta destas características. O persoal docente de centros adscritos e vinculados, así como persoal de ensino medio que colabore co programa “a ponte” poderá solicitar unha tarxeta de colaborador.. |

Os datos dos titulares das TUI/s constarán en ficheiros de datos aprobados pola USC e publicados no DOG e declarados perante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). Estes ficheiros serán xestionados de conformidade coa lexislación de protección de datos persoais e a “Normativa sobre utilización das tecnoloxías da información e das comunicacións na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobada polo consello de goberno o 22 de xullo de 2004. Os titulares terán dereito á cancelación de datos, acceso, e rectificación de datos conforme á Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os modelos de solicitude para o exercicio destes dereitos atópanse no anexo III da citada normativa da USC.